

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 23 DE MAIO DE 2018

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte unha horas do vintetrés de maio de dous mil dezaoto, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnense os Sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledesma; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luís Serantes Álvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D^a M^a Dolores Esperón Feijoo; D. Antonio Roma Arcos e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

1º.- ACTA ANTERIOR.-

Dáse conta á Corporación da acta de sesión anterior, correspondente á extraordinaria celebrada con data 21 de decembro de 2017.

Pola Alcaldía -Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer ás mesmas; a Sra. Peña indica que no apartado de "rogos e preguntas" ela solicitou que se "estudie a posibilidade de ampliar a axuda municipal" ao comedor escolar" e na acta figura á escola de música; subsanado este erro a acta é aprobada por unanimidade na forma en que está redactada.

2º.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, o orzamento ascende, tanto en ingresos como en gastos, a 3.628.435,00€.

Dase conta detallada do contido de cada un dos capítulos de ingresos; e fae a comparativa respecto do orzamento do exercicio anterior; resalta que a porcentaxe máis significativa do orzamento é o capítulo 4, que representa un 39,53% do total do orzamento; e o capítulo 1 representa unha porcentaxe do 30,70%

Di que é significativo que hai incremento de Xunta de Galicia, aproximadamente dun 11% respecto do ano pasado.

Engade que o capítulo de Taxas e prezos públicos representa un 18,48% respecto do total do orzamento.- Explica que se incrementa a previsión de ingresos por

taxas polo servizo de tanatorio, por axuda no fogar (porque se incrementa o número de usuarios e tamén a subvención recibida

Para rematar a explicación do estado de ingresos, realiza unha comparativa dos estados de ingresos dos orzamentos dende o ano 2014 ata o presente exercicio.

Polo que respecta ao Estado de Gastos resalta que os capítulos máis relevantes son os capítulos 1 (gastos de persoal, que ascende a 1.257.013,50 €) e 2 (gastos correntes en bens e servizos, que ascende a 1.630.808,02 €); o de transferencias correntes ascende a 180.000 euros e o de investimentos 534.508,53.

Indica que a porcentaxe do capítulo 2 representa o 44,95% e o do capítulo 1 un 34,64% do total, do que o 23,01 corresponde a gastos de Seguridade Social.

Da conta da evolución do gasto en porcentaxes sobre porcentaxe o presuposto.

No capítulo 2 a partida maior é a que corresponde a enerxía de 13,58% e aínda que prevé gastar un 1,54 menos pero aínda así é a máis importante, e engade que dende 2014 se reduciu un 2,42%.

A partida correspondente a gastos de Festa supón o 9,14% do capítulo; a de dependencia o 8,83%; a gardería o 8,28%; a de sumidoiros o 7,48%

Resaltar a evolución do capítulo 2 e a baixa en porcentaxe en 2014 (case 49,82%) en 2018 (44,95%) case 5% menos proporcionalmente do que se gastaba en 2014.

O capítulo 4 diminúe porque non se participou en ningún dos servizos da Mancomunidade porque compramos maquinaria.- Se incrementan as transferencias a entidades e familias (desglosa os porcentaxes).

Referente ao capítulo 6 di que inclúe investimentos por importe de 534.508,53 euros, dos cales uns 188.905,86 euros son de fondos propios e o resto de subvencións.- Da conta dos investimentos previstos incluídos neste capítulo: Apertura Rúas zona Rosalía de Castro; acometidas de auga e saneamento; as diferentes obras incluídas no Plan concellos (ampliación de alumado, Mellora e ampliación camiños, demolición e reconstrución de muros en Rúa A Torre e a aportación ao Convenio de Mellora da seguridade vial en Torres; mellora de recollida de pluviais en diferentes lugares, dotación de taboleiros informativos e o programa Ribadumia en rede); tamén se prevén investimentos en obras e melloras en parques e xardíns, en fontes e lavadoiros, nos contornos das igrexas, para mobiliario para o departamento de servizos sociais e outros.- Tamén se inclúen unha partida para o Plan Marco, entre outros investimentos.

Di que os investimentos se incrementaron de forma progresiva respecto dende 2014 (11,50%) en 2018 (15%).

Remata dicindo que os orzamentos se elaboran con moito máis desglose e detalle que os que se facían coa corporación anterior e que se calquera persoa quere consultar se colgará na plataforma para que se poida mirar debidamente desglosados.

Toma a palabra Sra. Peña Muñiz, agradece a explicación tan amplía e di que o presuposto ascende a 3.628.435 €, se incrementou en 153.680 € respecto a 2017.

Di que é un documento moi importante para todos os veciños que recolle os ingresos dos veciños e en que se gasta e reflexa a xestión do equipo de goberno.

Que se trae con 6 meses de retraso (e que se incumpriu os prazos mínimos legais porque se lles pasou o sábado) e sabe que lle van a responder que o P.P. tampouco os traía a principios de ano.

Non se consensúan coa oposición a pesar de se-lo grupo que conta con máis concelleiros e non se recollen todas as súas propostas presentadas vía moción ou escrito. Que as que presentan non se traen a pleno ou se traen tarde.- Que hoxe, por exemplo, non se leva a moción e era importante de que se aumentara a axuda á Escola de Música e non se trae a debate nin se inclúe no presuposto.

Que teñen formulado outras propostas: como a apertura da Rúa do Día, que o P.P. presentou unha moción e o equipo de goberno votou en contra porque decían que se estaban facendo xestións e se ía incluír partida no presuposto e se inclúe 1.000 € aínda que o Alcalde di a gran importancia da apertura pero non se inclúe. Iso é palabrería e non feitos.

Respecto á Mellora no CPI de Barrantes (despois de perder una subvención de 1.500.000 €) lembra que o Sr. Alcalde dixo que ía denunciar e non se fixo a denuncia. Perdeu unha oportunidade de conseguir axuda de 1.500.000 euros e agora ven no presuposto unha partida de 17.000 € e se lles dixo que é para o proxecto e unha pequena cantidade para ter partida para a obra.- Tamén dixeron que co asesor urbanístico se ía aforrar porque ía a facer a elaboración dos proxectos e seguen a contratarse externamente.- Que para este proxecto xa se levou un expediente de modificación en decembro e agora se inclúe outra partida.

Respecto á beirarrúas en Rúa Condesa que o P.P. ten solicitado, non se inclúe o tramo final de acceso ao Colexio para que cumpran as garantías de seguridade; que teñen solicitado que se fago un Centro de xuventude para Barrantes, mellorar as áreas recreativas e parques infantís (valla parque Leiro), ampliación de rutas de senderismo e recuperación do patrimonio cultural.

Tamén solicitan Melloras en cemiterios de Sisán e Leiro (e se lles explica que son as partidas que figuran como melloras dos entorno das igrexas).

Respecto á obra de Beirarrúa nos Castaños, di que leva paralizado o proxecto 3 anos, aprobado en 2015 (191.000 €) e o Concello non tiña que aportar nada, e agora con tres anos de retraso e hai partidas de 140.000 € que o Concello ten que aportar.- Que estivo paralizado pola Deputación, co consentimento do equipo de goberno, se pasa a 215.000 € e agora o Concello dos seus fondos ten que aportar 140.000 €.

Que esa é unha mala xestión, que nas reunións por parroquias o Alcalde dicía que tiña boas relacións institucionais con tódalas administración e con estes datos non lle estraña porque teñen que aplaudirle.

Que o equipo de goberno ten unha cruzada persoal contra Salomé Peña e o anterior equipo de goberno, se dedican a desprestixiar para tapar a súa nula xestión, nefasta, se pasaron toda a reunión criticando a ela e o PP e non dixo nada de interese se non que so dedicouse a criticar o P.P.

Que os presupostos se fan de costas aos veciños, di que se van ter reunións e non se realizan en tres anos e o fan o fin de semana cando xa estaban elaborados e debería ser ao revés.

En resumo, di que é un documento vacio de iniciativas, sen planificación, sen proxectos, sen crecemento turístico e empresarial; lembra tamén o tema da Pousada que podería estar xerando riquezas e so hai o empeño de criticalo e non permitir que estea aberta.- Que os veciños necesitan un Concello dinámico, impulsor, emprendedor, e o P.P. coas súas carencias e defectos deixaron un Concello saneado e con inversións que ilusionaban aos veciños ano tras ano (pavillóns, comedor,...).- Que hai que ter iniciativas para que o Padrón non baixe porque se pode baixar de 5.000, se fixeron iniciativas para que se incrementara a poboación e se corre o risco de perder a barreira dos 5.000.

Sabe que o Alcalde dirá que a Sra. Peña minte, que ela só interpreta os presupostos. Di que antes cando os que están no equipo de goberno estaban na oposición ao gasto que se facía o chamaban despilfarro e irresponsabilidade e agora o chaman gasto moderado e contención.

Que o capítulo 1 de 2015 a 2018 o capítulo subiu 330.000 € máis 30.000 € do asesor que están en capítulo 2. Se para o P.P. era gasto irresponsable agora o goberno di que é contención. O gasto corrente se mantén a pesar de que di que se van a ir diminuindo, non se reflexa o aforro do ORAL, as alarmas dende 2016 hai que aportar case 5.000€ para pagar o cambio de alarmas.- Polo que respecta os gastos da Festa do Tinto: sube ano tras ano a contía. Pregunta que din os socios de gobernos que antes

criticaban porque o Concello gastaba 50.000 e agora como explicaron nun presuposto se recollen un gasto que pasa a 130.000 €.

Engade que no capítulo 6 o Concello so aporta 189.000 € de fondos propios segundo as bases de execución.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, e di que a Sra. Peña fixo unha intervención política, e non sobre o presuposto; que di o mesmo que a revista que mandaron as casas e se podería ter aforrado a intervención.

Que non é certo que o equipo de goberno dixera que se ía a aforrar xa no tema do cambio de alarmas, se non que dixeron que se aforraría a partir do 4º ano. Lle chama a atención cando di que o P.P. facía presupostos ilusionantes e di que menos mal que os fixo así, porque aínda así perderon as eleccións.- Que o equipo de goberno está pendente de que soliciten por escrito propostas de reunións para consensuar os presupostos.- Que cando se fan propostas razoables, se aproban pero non cando se fan propostas políticas.

Di que non se perdeu unha subvención senon que non a concederon que non é o mesmo; que iso é como cando se xoga á lotería: non se perde o primeiro premio se non que non se gana; en calquera caso habería que lembrar que ela como Deputada non consta que defendera ao Concello cando non se aprobou a concesión da subvención por parte da Deputación, se non que se abstuvo.

Respecto aos cemiterios, di que ela non preguntou que se ía a facer. E co proxecto do entorno do Colexio está dando a entender que a partida que se inclúe agora é para cobralo a mesma persoa e non é así.

Pregunta cantas reunións tivo ela cos veciños para consensuar os orzamentos, e explica que nas reunións se toma nota durante todo o ano das peticións dos veciños e as que non se incluíron neste quedaron pendentes no ano 2019.

Polo que respecta ao retraso na aprobación lle lembra á Sra. Peña que o Sr. Rajoy tamén levou hoxe os presupostos.

En canto á Festa do Tinto: pregunta cantos euros se ingresaba nos seus presupostos porque ela pagaba pero non ingresaba e agora tamén hai un día máis de festa.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago, lle sorprende que parece que a Sra. Peña non saiba como é un concello e como funciona. Di que non se trata de deslumbrar ou de facer obras faraónicas.- Que o Orzamento recolle obras que solucionan problemas, este goberno tivo que gastar 100.000 € en reparacións de instalacións. E engade que as partidas de enerxías eléctrica sí baixaron, aínda que hai máis servizo, como o campo de fútbol novo.

Di que hai pouco máis que falar; que as partidas de traballos por outras empresas baixou 45.000 euros; e pregunta quen elaboraba antes os proxectos (ou como se facían) e agora de fan dende o Concello; que aumenta investimento, aumenta as transferencias correntes a institucións sen fins de lucro e a axuda á dependencia.- Que se inclúe unha partida para emprendedores que o ano pasado tamén solicitou ela.-

Que todo é un discurso político sen base algunha e non entende que se opoña.

Polo que respecta á obra de Rúa Torre di que o proxecto anterior incluía aparcamentos de terra e agora non e se incluíron os peches e ela tamén tería que facelos pero aínda non tiñan as cesións cerradas. E non tivo o valor para negociar co pazo.

Que na Festa do Tinto agora hai ingresos e gastos e se coñece e é transparente, antes non se sabía nin canto se gastaba e agora se fai todo en A.

Toma a palabra o Sr. González Ledo, e di que se se dera o caso de que estiveran a facer a mesma política que o P.P. dimitiría mañá. Que seguramente este presuposto será mellor que os dos anos anteriores e peor que o seguinte.- Que co P.P. non crecía senón que engordaba. Porcentualmente se baixa en gasto corrente e se incrementa en inversión, e servizos; di que se está adquirindo ano a ano maquinaria, e mellorando a maquinaria que había. O tractor está supoñendo un gasto moi elevado xa que hai que facer reparación tras reparación e dende hai 2 anos está obsoleto.

Di que o obra de Rúa A Torre negociouse o convenio coa Deputación, e cos veciños e é unha obra que se vai facer; antes non había datos reais. Se tanto lle preocupa as relacións coa Deputación podería facer algo para melloralas; aquí di una cousa e na Deputación outra e non defende a Ribadumia. Parece que se está a alegrar de que haxa o risco de perder os 5.000 habitantes.

Pregunta o Sr. Alcalde, se quere volver a intervir porque vai pechar el en caso contrario non sería igual.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e di que no tema das alarmas non mentiu dixo que agora o Concello lle supón un gasto a maiores dentro dos 4 anos veremos que vai pasa.- Dí que o seu goberno non fixeron grandes obras que foron innecesarias e nunca deixaron de lado servizos que foran necesarias e básicas (alcantarillado, auga, contedores, etc.) é certo que quedaron sen executar os que daban servizo a menos veciños e eran máis custosos, e se foron dotando tamén de obras importantes porque se xestionaba con outras administracións.

Lembra que se pagaron 9.000 euros por un proxecto mal redactado e agora se vai pagar outra cantidade ou se lle pagan servizos de asesoramento e ademais pola

redacción doutros proxectos.- Que antes algúns proxectos pagaba o Concello e outros os facía o técnico municipal agora a obra non está feita porque se perdeu a axuda.

Di que antes a Festa o Concello só pagaba 50.000€ en colaboración coa Asociación de Viticultores, que a Asociación pagaban unha facturas e o Concello outras e as facturas que pagaba o Concello estaban claras.

Remata dicindo que a súa exposición foi clara; as propostas que fixeron ao longo destes meses se presentaron por escrito e non se tivo en conta.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, coincide en que o presuposto é o documento máis importante que reflexa a xestión, que o P.P. votara a favor deste documento sería difícil e o pode entender. Os presupostos son serios, transparentes, e foi un gran traballo da Concelleira de Facenda e dos servizos técnicos.

No que respecta ao retraso con que se aproba lle sorprende que o diga a Sra. Peña cando o goberno do P.P. de Madrid leva 6 meses de retraso.

Respecto a que se entregou documentación o sábado e tiña que entregarse venres (di que xa se lle aclarou que foi un erro dun traballador e recórdalle que o P.P. de Meaño tiveron pleno un xoves e a colgaron o luns e non se puido abrir ata o mércores e o xoves tiveron a comisión informativa e 10 minutos despois o pleno). O P.P. non pode actuar dunha maneira en Ribadumia e noutros sitios de outra.

Di que se as mocións son de interese para Ribadumia non ten problema en aceptala. Se presentaron algunhas e eles non a aproban e cando fan algunha proposta de modificación para apoiala o P.P. non a acepta.

Sobre a Escola de Música, di que unha das primeiras queixas que recibiu este goberno foi que a Sra. Peña non lle deixaba nin o auditorio para poder ensaiar; se puxo as instalacións a favor de entidades para que as utilicen.

Todas as axudas que se poidan dar son poucas por iso se pretende incrementalas.

Falando da Calle do Día, é unha das máis importantes que hai que abrir e que vai levar un gran desenrolo económico, a apertura da calle ten que ser consensuada e se está traballando nela e hai que facelo ben.

Respecto a obra de Melloras do CPI Julia Becerra Malvar di que en 2015 se reúnen co colexio, ANPAS, Club de fútbol e pais e se mellorou todas as peticións que había respecto do Colexio; era un problema importante hai que facer un traballo en profundidade.- Que se reuniu con Educación e co Colexio e tiñan claro que o CPI e o Club Umia tiñan que convivir e despois de ter claro este e se necesita financiación.- Que o 16 de agosto sabe dunha subvención para a que había unha partida total de

18.000.000 e tiveron un mes para redactar o proxecto e se plasmou nun proxecto as deficiencias para mellorar a seguridade vial, as deficiencias do colexio e as peticións do Umia.- Engade que ela é deputada polo Salnés e tiña que manter os intereses de Ribadumia e o Salnés.- Noutros concellos gobernados polo P.P. como Meaño non foron capaces de presentar un proxecto e ninguén lle pediu a dimisión do Alcalde.- Ou a outros como Vilanova, Valga e algúns outros tampouco se lles deron a subvención e vostede a conta destes proxectos quere facer política rastreira e para facer oposición tamén hai que saber facela.

Se fixo un proxecto e se tentará facer por fases e se está intentando que todos as partes lles den a súa aprobación.- Di que para o Club Umia tamén se vai facer un almacén que pediron; esa parte se solicitou a outra subvención e se vai solicitar outra, noutra liña de axudas de Deputación. Lémbrolle que ela se abstivo e cobra 2.000 € para defender os intereses de Ribadumia.

Que o asesor cando se convocou a subvención o 16 de agosto, se puxo a disposición, xunto con outras persoas, para poder desenrolar este proxecto e se tiña en mente as necesidades e se puido facer senón era improbable nun mes.

En canto a obra de beirarrúas en Rúa A Torre di o P.P. enviou ós veciños un boletín coa súa versión e non hai que dicir mentiras ou hai que dicir a toda a verdade. Dí que case en véspera das eleccións se falou dese proxecto sen muros nin aparcamento.- Que dixo que a Deputación tiña 195.000 € para investilo noutra parte, pero se mantivo aí.- Que o proxecto estaba incompleto, se pediron as cesións e por tanto hai que facer muros; os veciños dicían que o muro do Pazo porque non se metía para dentro (e dicían que aos ricos non se lle collía). Se comprometeron a negociar co Pazo, se tiveron reunións, se fixo un proxecto (parece ser que se lle dixo aos veciños que era patrimonio e non é verdade). Iso non estaba contemplado no proxecto anterior. Hai que dicir todas a verdade.- En definitiva que a obra vai a ser unha realidade en breve.

No proxecto de 1,5 millóns de euros, está contemplada unha zona importante para servizos varios dos veciños (zona multiusos) é moi importante e por iso se necesita que todas as partes estean implicadas.- que é un proxecto conxunto e se inclúe tamén a dotación de beirarrúas en Rúa Condesa; e nese proxecto de Rúa Condesa está a construción para local de Asociacións, Casa de Xuventude, etc.

Para mellora de áreas recreativas e parques di que en 2015 dicían que ela deixou 6.000 € para mellora de parques e se gastaron case 100.000 € en melloras de parques e instalacións.

Que na Ruta da Pedra, se puxeron sinais na Ruta para delimitar a zona de Ribadumia e se está a manter en perfectas condicións.- Se incrementou o turismo, é importante que este debidamente mantida, en xeral estas rutas están en condicións.

Lémbrale que nunhas eleccións os membros do grupo do P.P. dicía que o Monte do Castro non estaba en condicións e puxeron carteis nas farolas e querían ir a limpar, tamén saíron no boletín do P.P., ela tiña que saber que iso o tiña que facer a Deputación e firmar un convenio con Fomento e Deputación agora za firmou o convenio e están a investir 180.000€.

O que respecta a mellora de Cemiterios de Sisán e Leiro di que cando o P.P. presentou o escrito e o equipo de goberno xa ía falando cos veciños das actuacións que se ían a facer. Eles xa o tiñan previsto e agora dixo que votou en falta que se inclúa en presuposto, cando si está incluído, e di que tamén se ten previsto facer aparcamento en Lois. Ca hai autorizacións de parcelaria.

Lembra que en tres anos se fixeron distintos alcantarillados, auga (sobre todo en Couto de Arriba e Cruz en Lois vai a 50.000 €), actuacións en todas as parroquias, beirarrúas en Lois, aceras e alcantarillado en Casa Ledo, dende o crece do Barreiro ata a rotonda do barril; di máis actuacións e se fixeron en 3 anos e ela tivo 15 anos de xestión. Nin ela é tan imprescindible como pensaba nin eles tan malos.

Respecto a unha posible baixada da categoría do municipio se baixan os habitantes dí que agora ten 5.090 habitantes, se están tomando medidas, en 2015 había 5.104 habitantes así que non hai tanta diferenza.

Lembra que se mellorou as subvencións a entidades deportivas e culturais, co plan de aforro se intentarían incrementar.

Tamén lle explica que neste orzamento non se pode plasmar o aforro de non levar a xestión da recadación co ORAL cando se empezou a cobrar fai 1 semana ou 1 mes ao ORAL se pagaban 95.000 € e se aforrará bastante ao levar a xestión directa.- Que é difícil tomar esta iniciativa pero o que se quere é aforrar para investir en melloras e servizos para os veciños e ela o que quere é que salga mal.- Que cando houbo un problema coa auga, lle mandou o boletín aos veciños non con toda a información, cando se detectou o erro o ORAL tiña que solucionaralo rápido e tardou varios meses.

Respecto aos gastos de persoal lle pide que ela faga unha proposta dicindo de onde se quere baixar; que faga unha proposta valente.- Respecto das alarmas di que ten que ser sensata e que no pleno onde se aprobou había un estudo e xa se sabía que os 4 primeiros anos e que logo se aforrarián uns 6.000 € o resto é demagogia.

Da xestión da Festa do Tinto di que se sente satisfeito pola xestión que se está a facer pola Festa, agradece Sra. Moimenta e ás persoas que colaboran; que agora se recollen todos os ingresos e gastos e se documentan todos os ingresos e gastos e é un éxito de xestión; que é unha das festas máis importantes e hai que poñela en valor.- Tamén hai que recoñecer o traballo feito pola Asociación anteriormente.- Que no ano

anterior se liquidaron case 60.000 euros de ingresos da festa; que agora hai total transparencia.-

Manifesta que o mantemento do tractor ascende a uns 10.000 €/ano sobre todo a desbrozadora non está adaptada para ese tractor (a Mancomunidade tiña unha desbrozadora e un tractor novo e eran igual) porque está fallando, se puido e se está estudando se hai que cambiala.

Na obra do campo de fútbol había dúas partes (a de cafetería e a entrada) e cando se ía a facer a outra parte (209.000 € e estaba licitada e nalgún caso se ofertaban melloras de 100.000 porque o proxecto recollía parte de obra xa feita..). Que o técnico dixo que el non sabía nada do proxecto que o fixeron e el o firmou que non sabía si era capaz de facer un informe; esta é a realidade de quen firmaba ou de como se facían os proxectos.

Remata dicindo que o presuposto é moi importante se tivera o apoio doo P.P. se lle acabaría o discurso para poder enviar revistas as casas. Que é un proxecto transparente e claro.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e seis en contra (P.P.), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento para o exercicio de 2017, cunha cuantía de TRES MILLÓNS SEISCENTOS VINTEOITO MIL CATROCENTOS TRINTA E CINCO EUROS (3.628.435,00 €), co resumo por capítulos que a continuación se expresa:

ESTADO DE GASTOS		
Capítulo	Denominación	Importe
	A) Operacións correntes:	
1	Gastos de persoal	1.257.013,50 €
2	Compra de bens correntes e de servizos	1.630.808,02 €
3	Gastos financeiros	0,00 €
4	Transferencias correntes	180.061,80 €
	B) Operacións de capitais:	
6	Investimentos reais	534.508,53 €
7	Transferencias de capital	18.043,15 € €
8	Variación de activos financeiros	8.000,00 €
9	Gastos financeiros	0,00 €
TOTAL PRESUPOSTO DE GASTOS		3.628.435,00 €
ESTADO DE INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe
	A) Operacións correntes:	
1	Impostos directos	1.115.800,00
2	Impostos indirectos	51.000,00

3	Taxas e outros ingresos	669.040,00
4	Transferencias correntes	1.434.342,33
5	Ingresos patrimoniais	3.650,00
	B) Operacións de capital:	
6	Alleamento de investimentos reais	1.000,00 €
7	Transferencias de capital	345.602,67
8	Variación de pasivos financeiros	8.000,00
TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS		3.628.435,00 €

Segundo.- Aprobar asemesmo as Bases de Execución e o cadro de persoal e relación de postos de traballo que integran o mesmo, para o exercicio de 2018.

Terceiro.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado na lexislación vixente.-

Cuarto.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente có cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo o disposto no artigo indicado anteriormente da Lei Reguladora das Facendas Locais; e noutro caso o Pleno resolverá sobre as reclamacións presentadas no prazo dun mes.-

Quinto.- Que se proceda á remisión dunha copia do Orzamento Municipal á Delegación Provincial de Facenda e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ós efectos oportunos.-

3º.- PROPOSTA DE AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E DO EMPRENDEMENTO NO CONCELLO DE RIBADUMIA.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, e da conta da proposta de axudas para o fomento do emprego e do emprendemento no Concello de Ribadumia.- Di que na comisión informativa o P.P. propuxo que as axudas se poden retrotaer dende 01/01/18 a 31/12/18, e se tomou en conta.

Explica que son axudas para a empregabilidade do emprego e para fomentar o crecemento poboacional, e da detallada conta das condicións para acceder ás mesmas; que hai que estar empadroados; que son en concorrencia non non competitiva; ata o esgotamento do crédito; para pequenas e medianas empresas, domicilio fiscal en Ribadumia, por conta allea, máximo de 3 traballadores por empresa como mínimo

empadroados tres meses antes; non ter despedimentos 12 meses nin ter contratada a esa perosa.

Que as axudas consistirían en: Fomento do emprego, beneficios na seguridade social.

15% en xornada parcial máis de 12 meses

30% a xornada completa con máis de 12 meses e un máximo de 1.200 €/ axuda.

Que o procedemento para a súa concesión sería: se presentaría solicitude, ata o 31/12/18 e o 50% se pagaría tras a xustificación de que se pagou esa cotización os primeiros 6 meses e o resto pasados máis de 12 meses.

Para o caso de emprendemento: unha porcentaxe dos gastos do inicio da actividade ata un máximo de 2.000 € (ata 50% de materiais, alugueiros, subministro e gastos correntes e equipos informáticos) o 75% tras a xustificación dos pagamentos e o resto pasados os 18 meses.

Dí que non se sabe a acollida que terá, que o ano pasado en Silleda solo se sumaron 5 empresas.

Toma a palabra o Sr. Serantes Álvarez, xa manifestaron na comisión informativa que votarían a favor e di que isto non é unha cuestión illada, todas as propostas que favorecen aos veciños contan co apoio do P.P.

Non pode dicir o mesmo pola contra xa que trouxeron unha petición para manter a aportación íntegra de Deputación á rotonda dos Castaños e votaron en contra.

Que o proxecto de 1,5 millóns é virtual e no orzamento trae só 17.500 €.

O Alcalde lle chama a atención para que se ciña á orde do día.

Engade o Sr. Serantes Álvarez, van a votar a favor igual que noutras iniciativas que trouxo o equipo.

As bases podían ser melloradas en algunhas cousas (oxalá puidera ser máis) pero parece que se lle está poñendo algunha barreira ao esixir o empadroamento que cando ven algún da fora se esixa o empadroamento.

Van a apoiar ao igual que outras iniciativas que favorecen aos veciños.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, tiveron a comisión informativa e fixeron unha proposta e se admitiu e se tiñan algunha outra proposta podían tela dito.

Se os emprendedores non se acollen a esta liña se pode acoller a de contratación de traballadores.

Toma a palabra o Sr. González Ledo, porque noutros anos cando eles estaban na oposición e o solicitaban sempre se poñían escusas e se rexeitaban as propostas. Se están a favor das propostas que favorezan aos veciños tamén se podían ter apoiado a moción sobre as velutinas.-

O Sr. Alcalde lembra que Ribadumia é o primeiro Concello emprendedor e están por apoiar o emprego, agradece o apoio do P.P. porque é importante para crear benestar e espera que a proposta sexa ben acollida.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda: Prestar aprobación ás bases de fomento de emprego e do emprendemento no Concello de Ribadumia, segundo están redactadas.

4º.- MOCIÓN PARA SOLICITAR O RECOÑECIMIENTO COMO VARIEDADE AUTORIZADA DE UVA TIPO "FOLLA REDONDA", E DO VIÑO QUE CON ELA SE ELABORA.-

Dase conta da moción presentada polo equipo de goberno para solicitar o recoñecemento como variedade autorizada da uva tipo Folla Redonda, e do viño que con ela se elabora.-

O Sr. Oubiña Lago toma a palabra para explicar de maneira sucinta do contido da moción que expresa que: *"a variedade de uva Folla Redonda ou Tinto de Barrantes está implantada principalmente na Comarca do Salnés e esta solicitude está motivada polo feito de que os viños que se elaboran están limitados practicamente ó autoconsumo ao non poder ser comercializados co correspondente etiquetado.*

Na moción se analiza a importancia social e económica da variedade na Comarca, así como o seu estatus legal actual; mencionase que a uva Folla Redonda é unha variedade interespecífica híbrida, que actualmente está clasificada na normativa comunitaria e española como variedade de uva de conservación vexetal, e non está inscrita no Real Decreto 772/2017, de 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e os viños obtidos non poden ser comercializados xa que a normativa española na Lei 24/2003, de 10 de xullo da viña e do viño, establece que só se permite comercializar as variedades destinadas a uva de vinificación pertencentes a especie *Vitis vinífera* L; que ademais de non estar especificamente prohibido o seu cultivo cumpre co que se establece na normativa europea de definición de viño, adquire en condicións normais de cultivo un grao adquirido non inferior a 9% vol., tal e como establece o regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17/12/2013 polo que se crea a organización común de mercados de produtos agrarios.

Subliñase que a solicitude se basea en clasificala como variedade autorizada pola calidade do viño e tamén polas características que a fan máis resistentes as pragas e enfermidades, e polo tanto moi útil para viños de producións ecolóxicos ou de baixos tratamentos fitosanitarios.-

A moción recolle as calidade enolóxica e características dos caldos obtidos, así como a xestión integrada de pragas, produción ecolóxica e aspectos medioambientais do seu cultivo.

Por todos os motivos expresados na moción presentada, o equipo de goberno, propón ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, que realice os trámites precisos para que a variedade de uva "Folla Redonda" poida ser inscrita como variedade de uva de transformación autorizada na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do ordenamento do potencial de produción vitícola español.

2º.- Que se realicen os informes, avaliacións e estudos que se consideren necesarios, co obxecto de promover os cambios normativos para que o viño elaborado poida ser etiquetado e comercializado; ademais que se considere a súa venda normalizada nos establecementos rexistrados coma furanchos.

3º.- Trasladar esta moción, coa proposta de acordo, a todos os concellos da comarca do Salnés e ao Pleno da Mancomunidade do Salnés, co fin de que dean, se o consideran, o seu apoio plenario a esta xusta reivindicación.

O Sr. Oubiña Lago di que este paso é o que o Concello pode dar porque o asunto é competencia doutras administracións, e que esta será a primeira vez que se solicite formalmente esta legalización.

O Sr. Serantes Alvarez di que a moción esta moi ben argumentada e fundamentada técnica e xurídicamente, con citas normativas largas e extensas; que hai que trasladar a solicitude á Xunta todos da man; que o viño tinto do Salnés vense colleitando dende hai moitas xeracións e que ten un longo percorrido en toda Galicia, e que hai que tentar levar a cabo todas as iniciativas e xestións que sexan posibles para levar a cabo a súa legalización.-

Toma a palabra o Sr. Alcalde e agradece o apoio do grupo do P.P. á moción; que é un asunto que afecta a todos os veciños de Ribadumia e da Comarca; que non consta que se tivera solicitado por escrito antes.

A Sra. Peña Muñiz di que se ten mantido reunións noutras ocasións con responsables da Consellería e entregado dossiers para que se estudara a súa posible legalización.- O Sr. Alcalde pregunta se se ten solicitado por escrito, porque non hai moito cando solicitouse a Augas de Galicia que procederan á limpeza dunhas presas de auga, a Sra. Peña dixo que se non constaba a solicitude por escrito que era coma se non se tivera pedido.

O Sr. Alcalde continúa dicindo que o que hai que facer e loitar por esta legalización; que hai máis de 46 anos que se ven celebrando a Festa do Tinto (46

oficiais e 5 anteriores) e antes diso xa se viña cultivando e xa era un soporte económico importante para a zona.

Que é o momento de dar un paso e hai que promocionar o viño e a Festa e estase tamén a loitar por acadar a declaración da festa como de interese turístico e porque os adegueiros e colleiteiros teñen que ter unha seguridade co seu traballo.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Instar á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, que realice os trámites precisos para que a variedade de uva "Folla Redonda" poida ser inscrita como variedade de uva de transformación autorizada na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do ordenamento do potencial de produción vitícola español.

2º.- Que se realicen os informes, avaliacións e estudos que se consideren necesarios, co obxecto de promover os cambios normativos para que o viño elaborado poida ser etiquetado e comercializado; ademais que se considere a súa venda normalizada nos establecementos rexistrados coma furanchos.

3º.- Trasladar esta moción, coa proposta de acordo, a todos os concellos da comarca do Salnés e ao Pleno da Mancomunidade do Salnés, co fin de que dean, se o consideran, o seu apoio plenario a esta xusta reivindicación.

5º.- DAR CONTA DAS XESTIÓNS REALIZADAS COA ANPA EN RELACIÓN COA AXIDA PARA COMEDOR ESCOLAR.-

Toma a palabra o Sr. Alcalde da conta que o 9 de marzo houbo unha reunión coa ANPA e volvense reunir o 21 de marzo., que pedían un aumento da subvención; que se está subvencionando o comedor con 15.000 € e se ofrecía 20.000 € (que o neno máis un pai estivera empadroadado que os dous pais traballaran e que se fixera unha aportación en función da renda). Este é o que aconsellaron dende a Xunta e se transmitiu a ANPA.

Se mantiveron reunións e transmitiron á ANPA e pais que se optaron porque mantiñan a axuda de 15.000 € e non aceptar os criterios que recomendaron na Consellería de Educación.

Toma a palabra o Sr. Serantes Álvarez e di que forma parte da ANPA como socio, ten os cativos no comedor, e que se lle trasladou o que o Alcalde está a decir.

Que o Concelle propuxo poñer as condicións que recomendou Educación.- Que se incrementou o numero de usuarios e por iso solicita que se incremente a axuda.

Que a ANPA declinou a axuda con eses condicionantes; que é una asociación sen ánimo de lucro que realiza actividades, se agora ten que contratar alguén ou chequear a renda de cada un para facer o reparto proporcional non o poden facer.- Que ademais había outra razón mais; que é un servizo de conciliación; que para obras de asistencia social xa hai outro servizo (roupa, pago de luz, de renda,...), é un servizo de conciliación non un servizo social. E iso veña desvirtuar o concepto de servizo.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, que estivo nas reunión, e di que a solicitude foi de ampliar a axuda, se comentou en estudar de poder aumentar ata 20.000 € e que iría condicionada a que se cumprira os condicionantes de Educación e tamén se lle puxo como requisito que solicitaran outras axudas doutras administracións.

Intervén a Presidenta da a ANPA e di que os pais que foron á reunión decidiron que non querían aceptar os condicionamentos, no n a directiva.- Que a directiva da ANPA, pode ser que a maioría non pensara así pero os pais decidiron.

Engade a Sra. Martínez Troncoso, que se pedía que se demostrara que os dous pais traballaran.-

Que non sería unha axuda social, senon que é como a xestiona a Xunta, e pregunta ao Sr. Serantes se quere dicir que si aos pais dos nenos que asisten a comedores da Xunta deben consideralos pobres....- Que se trataba de pedir a mesma documentación que pide a Xunta e non se trataba de quitar aos nenos.

O Sr. Serantes Alvarez insiste en que é un servizo de conciliación.- E que na medida en que o solicitan os pais que se teñen en conta as solicitudes que se lle de para cumprir a finalidade.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago, as entidades teñen unhas bases reguladoras. A ANPA (ou os pais) tomaron a decisión que quixeron.- que non se confundan as cousas.- Que si se lle vai dar cartos dende o Concello se poden poñer as bases da concesión desa axuda.

Fai o uso da palabra o Sr. Alcalde, e di que é bo deixar opinar a todos e que se de participación en todo para aclarar as cousas.

Respecto a este punto e a maneira de solucionar lle propón ao Sr. Serantes que poña sobre a mesa unha solución; que presente unha moción para como se deben resolver estas axudas, xa que non están de acordo con criterios de Xunta para dar as axudas ós comedores.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1º) Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e pregunta porqué non se incluíu o escrito presentado polo seu grupo con data 24/04/2018 no que se instaba á ampliación do local e da axuda que a lle de á Escola de Música.

Responde o Sr. Alcalde, non se trouxo porque había puntos moi importantes e densos e quedou fora pero irá ó próximo pleno e non se van deixar ningunha fora.

2º) A Sra. Peña Muñiz di que o P.P. presentou escrito que instaba que se fixera campaña informativa sobre as medidas preventivas en materia de incendios e pregunta se se vai a facer algo.

Reponde o Sr. Alcalde, xa se está facendo e dando información (Por exemplo na reunión de Lois).

Engade a Sra. Martínez Troncoso, xa se colocaron bandos; como sempre.- Lembra que esa Lei modificouse no mes de decembro e cando xa se está a facer actuacións e cando quedou 15 días e cando o P.P. se acorda para saír en prensa; di que xa se está informado aos veciños.

A Sra. Peña Muñiz intervéñ e di que como houbo modificacións na normativa por iso consideran que é importante dar información.

3º) A Sra. Peña Muñiz manifesta que o Pleno adoptou acordo para iniciar expediente para a declaración da Festa do Viño Tinto como de Interese Turístico e pregunta se houbo algunha resposta ou si se fixo outra xestión a parte dese acordo.

Responde o Sr. Alcalde que se rexistraron as marcas da festa; que se fixeron xestións para obter a declaración da festa como de interese turístico de Galicia e precisamente un dos problemas é a legalización da uva.- Que xa en dous anos participou en xantar Ourense porque é un dos requisitos que poñían; que falta conseguir a inscrición de folla redonda.

4º)A Sra. Peña Muñiz pregunta di que para o servizo do Fogar dos Maiores se modificaron as taxas e a ordenanza, e quería saber que estaban ofertando a maiores.

Responde o Sr. Oubiña Lago, se pretendía que fora un local social e se creou un club sénior; que obtivo medio centenar de socios; que se fan actividades da terceira idade: saídas, risoterapia e algunha máis (un obradoiro por mes), cursos de xabóns,....

O Sr. Alcalde engade, se fan saídas e os veciños o demandan.

Engade a Sra. Peña Muñiz que entende que unha cousa é o fogar dos maiores e outra o club sénior.

Responde o Sr. Oubiña Lagovdi que aumentouse a participación da terceira idade nas actividades e a resposta da xente está a ser moi positiva.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vintetres horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-